

## Aviso legal e Política de Cookies

As persoas usuarias dos portais de Internet do Concello de Lalín, informámoslle:

1. O dominio **lalin.gal** é titularidade do Concello de Lalín, e trátase dun sitio web posto a disposición de todo usuario co obxectivo de dispor información xeral sobre Lalín así como dos diferentes servizos e xestións propias da organización municipal.
2. O Concello de Lalín tamén é titular dos seguintes subdominios: **feiradocodigo.lalin.gal**, **turismo.lalin.gal**, **roteiros.lalin.gal**, **ssuma21.lalin.gal**, **participa.lalin.gal**, **museodamarioneta.lalin.gal**, **licitacionelectronica.lalin.gal**, **directorio.lalin.gal**, **hsptlbrry.lalin.gal**, **granxis.lalin.gal**, **cultura.lalin.gal**
3. O Concello de Lalín é unha Administración local que pertence á provincia de Pontevedra, dentro da Comarca do Deza.

<b>TITULAR</b>	CONCELLO DE LALÍN
<b>CIF</b>	P3602400H
<b>ENDEREZO</b>	Praza de Galicia, 1, 36500, Lalín (Pontevedra)
<b>CONTACTO</b>	986 787 060

Todos os signos distintivos, marcas, nomes comerciais, contidos (textos, gráficos, imaxes, fotografías, programas, ligazóns e demais contidos audiovisuais ou sonoros e códigos fonte...), estrutura, deseño e forma de presentación dos elementos e calquera outra información que apareza neste sitio web son propiedade do Concello de Lalín e están protexidos polos dereitos de propiedade industrial e intelectual. O usuario ten prohibido albergar, almacenar, comunicar publicamente, publicar, distribuír ou compartir e, en xeral calquera outra forma de explotación dos elementos referidos no apartado anterior sen autorización expresa do Concello de Lalín.

Autorízase a impresión e descarga de extractos dos contidos deste sitio web unicamente cando se realicen para uso persoal e privado. Neste sitio web oficial o usuario poderá atopar diversas ligazóns que lle conducirán a páxinas web independentes desta, coa finalidade de facilitar o acceso a outras fontes de información na Internet relacionadas coa nosa organización municipal e con respecto dos dereitos de propiedade intelectual que, no seu caso, poidan corresponder aos seus autores.



Con todo, o Concello de Lalín non asume ningunha responsabilidade derivada das conexións ou os contidos desas ligazóns. Así mesmo, o establecemento de ligazóns ao sitio web do Concello de Lalín, previa solicitude e autorización deste, deberá respectar os dereitos de propiedade intelectual de titularidade municipal.

O usuario absterase de empregar medios que poidan suprimir, alterar, eludir ou manipular calquera dispositivos de protección ou sistemas de seguridade que poidan estar instalados e que comporten un risco ou dano ou inutilización do sitio web e/ou os seus contidos. O Concello de Lalín non se responsabiliza do posible uso inapropiado que terceiros realicen desta páxina web, nin do contido e actualización da información que provén doutras persoas físicas ou xurídicas e que conste no sitio web ou á que se remita a partir de ligazóns ou outros sistemas.

Os contidos proporcionados a través desta páxina web teñen carácter meramente informativo, polo que o uso que destes poida facer o usuario e as eventuais consecuencias, danos ou prexuízos que puidesen derivarse, son da exclusiva responsabilidade do usuario. O Concello de Lalín non asume responsabilidade algunha por danos e prexuízos de toda natureza que puidesen ocasionarse polo uso de ligazóns (links), directorios e ferramentas de procura, que permiten aos usuarios acceder a sitios web pertencentes e/ou xestionados por terceiros así como da presenza de virus ou outros códigos maliciosos nos contidos que poidan producir calquera tipo de danos no sistema informático, documentos electrónicos ou ficheiros dos usuarios.

O Concello de Lalín resérvase o dereito de exercer as accións legais que considere oportunas derivadas de calquera uso ilícito por parte de terceiros dos contidos da súa páxina web (dominio principal e subdominios).

## **Política de cookies**

Unha cookie é un arquivo de información que o servidor deste sitio web envía ao computador/smartphone/tablet de quen accede á páxina para almacenar e recuperar información sobre a navegación que se efectúa desde o devandito equipo. lalin.gal utiliza diversos tipos de cookies (técnica, analíticas e sociais) unicamente coa finalidade de mellorar a navegación do usuario no sitio web, sen ningún tipo de obxecto publicitario ou similar.

lalin.gal e os subdominios indicados utilizan unicamente:

- Cookies analíticas: para análise estatística dos usuarios.
- Información recopilada: data de navegación, nº de veces que o usuario visitou a páxina web, procedencia do usuario, navegador, sistema operativo, dispositivo e páxinas visitadas



Como desinstalar as cookies:

- [Firefox](#)
- [Chrome](#)
- [Safari](#)
- [Internet Explorer](#)
- [Microsoft Edge](#)
- [Safari IOS](#)